



CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO MONTERREI PARA O PROXECTO SENLLEIRO DE ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DUN INMOBLE COMO LOCAL SOCIAL NO NÚCLEO RURAL DE A CARIDADE, DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), na súa condición de presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, D. José Luis Suárez Martínez, na súa condición de alcalde do Concello de Monterrei, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,





EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións do entorno rural para a mellora da calidade de vida da poboación. Poder contar cunha adecuada oferta no ámbito do ocio, do deporte, da cultura, e/ou nos sectores produtivos, así como cunha boa gama de servizos básicos é fundamental para acadar unha mellora das condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia. Todo isto, dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas e de mellorar a estrutura do territorio para poder fixar a poboación do rural galego.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do





fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). As regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello da Monterrei para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. No ámbito destas competencias, desenvolve todas aquelas funcións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado, o Concello de Monterrei, como entidade máxima da representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

O 11 de agosto de 2023 o Concello de Monterrei presentou unha solicitude de colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria técnica valorada que





para a adquisición e rehabilitación dun inmoble como local social situado no núcleo rural de A Caridade.

A finalidade das actuacións propostas están destinadas á adquisición e posterior rehabilitación da totalidade do edificio para destinalo ao uso público como local social da veciñanza, entendido como un lugar no que os veciños da localidade poidan reunirse así como poder ser utilizado como lugar de almacenaxe de aveños utilizados por todos ou para fins comúns da veciñanza.

Para lograr esa finalidade, é preciso mellorar as condicións de salubridade e ornato da mesma, levando a cabo unha actuación que mellore as condicións do edificio, para satisfacer as necesidades da veciñanza potenciando e estimulando o arraigamento desta sobre o territorio que habita, contribuíndo ademais á cohesión da vida social no medio rural.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública para a realización desta actuación é dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo Concello de Monterrei para a adquisición e rehabilitación dun inmoble como local social no núcleo rural de A Caridade, propón unha vez adquirido polo concello, a rehabilitación deste espazo que redundarán na mellora e nas condicións de uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos. Polo tanto, trátase de destinar este espazo con unha finalidade pública e de interese social para a entorno no se se atopa ao ser un lugar de encontro, relación e satisfacción da veciñanza.

En consecuencia, o citado proxecto ten cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Revalorización de infraestruturas e inmobles desaproveitados.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.





Por outra parte, as actuacións propostas cumpren os requisitos a) e c) previstos para a categoría C) da regra 3 do acordo do 20 de abril de 2022:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Ademais, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado neste apartado polo Acordo de 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Concellos.

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto presentado polo Concello de Monterrei para adquisición e rehabilitación dun inmovible como local social no núcleo rural de A Caridade, dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca", cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento





desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

Cuarto.- O artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Como se pode deducir do manifestado nos apartados anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese público, social e económico para o desenvolvemento rural, a través da categoría de proxecto senlleiro en que se encadra, conforme ao Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ao desenvolvemento rural levadas a cabo pola axencia.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

En concreto, en relación ao proxecto de que se trata, as razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrência pública é a seguinte: trátase dunha edificación en desuso encostada á casa reitoral situada no núcleo rural de A Caridade. A súa adquisición e rehabilitación estará destinada a un uso público da veciñanza nun reforzo de fortalecer o desenvolvemento do rural galego, un lugar de encontro e relación social dos veciños

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto do presente convenio é a adquisición dun inmovible como local social no núcleo rural de A Caridade e a súa posterior e rehabilitación, que se realizará de acordo coas





actuacións que se relacionan na memoria técnica valorada. Estas actuacións encádranse na categoría promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca dentro do Programa de Proxectos Senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar son as encamiñadas á adquisición e posterior rehabilitación dun inmovible como local social do núcleo rural de A Caridade. As actuacións propostas no inmovible son as seguintes:

- ❖ Demolición de tabiquería de fábrica de ladrillo e de madeira existente, así como baleirado de aveños existentes no interior do local.
- ❖ Desmonte de lagares de pedra existentes no interior do local.
- ❖ Demolición de cuberta existente con aproveitamento de placas de fibrocemento para a súa reutilización.
- ❖ Demolición de recrecido de fábrica de ladrillo oco dobre recuperando a altura orixinal da edificación, similar á da edificación lindeira na súa fachada oeste.
- ❖ Instalación de nova estrutura de madeira de piñeiro abeto laminado de 12x16cm con intereje de 60cm apoiada en muros portantes de fábrica de pedra sobre dormentes de madeira que axuden a repartir as cargas.
- ❖ Sobre a estrutura se madeira instalárase un panel sándwich tipo termochip ou similar formado por panel de piñeiro ranurado de 10cm de espesor e 14cm de ancho + xps de 120mm de espesor + panel hidrófugo de madeira de 16mm de espesor. A táboa de piñeiro abeto estará lasurado en tonalidade a escoller por D.F.
- ❖ Instalación de illamento reflexivo tipo tripomant R de 5 capas ou similar.
- ❖ Instalación de rastrel de piñeiro tratado de 40x30mm
- ❖ Instalación de placa de fibrocemento gran onda ancorada a rastreles. No beirado a placa de fibrocemento manterase retranqueada para non permitir a súa visualización desde a vía pública.
- ❖ Colocación de tella cerámica curva.
- ❖ Remate de cumbrera ventilado con formación de caballete e remate de lateral cumbrera e beirado con dobre tella cerámica curva.
- ❖ O beirado frontal formarase co voo do panel sándwich e rematarase frontalmente con fronte de madeira de castiñeiro de 22mm de espesor lasurado con lasur á auga de poro aberto. Sobre a fronte de madeira voará a tella 5cm. O beirado estará rematado con babero de zinc sobre o que apoiará o illamento reflexivo e a placa de fibrocemento.





- ❖ O remate de cumbrera tamén contará con dobre fronte de madeira de castiñeiro de 22mm de espesor e altura 30-40cm solapados. Tal e como se describe en sección.
- ❖ Rebaixe de terreo interior para albergar nova soleira formada por encachado de grava con drenaxe perimetral de 160mm de diámetro + lámina de polietileno de nódulos + soleira de HA-25 de 10cm de espesor armada con mallazo de 5mm de diámetro e grella 15x15cm + illamento XPS de alta densidade de 8cm de espesor + recocado de morteiro de cemento de 5cm de espesor + pavimento cerámico porcelánico de tonalidade a escoller por D.F.
- ❖ Picado e saneado exterior de xuntas de morteiro de paramentos verticais de perpiaños de granito existentes en fachada sur, leste e puntualmente en oeste. Interiormente tan só picarase e sanearán os perpiaños e xuntas da fachada sur xa que se manterá vista.
- ❖ Trasdoso autoportante interior de fachada norte, leste e oeste formado por perfís de aceiro galvanizado de 70cm de ancho con placa de cartón xeso hidrófuga de 15mm de espesor e aislamento de la de roca de 80mm de espesor no interior da perfilaría. Na cámara de aire existente entre o trasdoso e os muros de pedra, dispoñeráse de illamento reflexivo de 5 capas tipo tripomant R ou similar.
- ❖ Dispoñeráse de instalación eléctrica e de iluminación así como instalación de luminarias.
- ❖ Contarase con preinstalación de fontanería e saneamento embebida en nova soleira a executar en previsión de futuras necesidades. A presente preinstalación executarase para evitar futuras obras que impliquen a demolición parcial da nova soleira illada, quedando así o local totalmente provisto de todas as instalacións que mesmo a futuro poidan ser necesarias.
- ❖ Instalación de novas carpinterías de madeira de castiñeiro laminado provistas de contraventanas de madeira para o oscurecemento e seguridade do local así como de vidros baixo emisivos e de control solar, definidos en documentación gráfica adxunta. As portas balconeras dispoñerán de zona inferior cega e superior vidriada, propiciando así a iluminación e ventilación natural do local.
- ❖ Pintado de todos os paramentos de cartón xeso con pintura plástica lavable de cor clara a escoller por D.F.
- ❖ Dispoñeráse o local de estufa de pellets para calefactar o espazo.





- ❖ O local contará con extintor e sinalética adecuada para a evacuación do mesmo en caso de incendio. Así tamén se contará con luminaria de emerxencia de 100lm.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables as actividades, investimentos e gastos realizados polo beneficiario que se encadren nos conceptos que se detallan no Anexo I "Orzamento xeral e desglose actuacións por anualidades" deste convenio e cumpran as condicións que se definen no proxecto presentado.

A subvención das actuacións de rehabilitación estarán condicionadas en primeiro lugar, a adquisición do inmovible polo concello.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Monterrei

O Concello de Monterrei comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Monterrei cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello de Monterrei deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento





das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización da Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Concello de Monterrei comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

O incumprimento da obrigación de destino referido, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, en caso de bens mobles non inscribibles.

CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto para a adquisición e rehabilitación dun inmovible como local social no núcleo rural de A Caridade a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, de acordo co orzamento previsto no proxecto básico, ascende a oitenta e seis mil euros (86.000,00 €), para o período 2023-2024.





Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concede ao Concello de Monterrei unha subvención directa a fondo perdido por un importe de 86.000,00 euros, para as anualidades 2023-2024.

A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023-2024, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023 e 2024, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".			TOTAL
Importe	2023	2024	86.000,00€
	9.000,00 €	77.000,00 €	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.





En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo Concello de Monterrei do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello de Monterrei tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 68.800,00 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello de Monterrei solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións previstas no proxecto que inclúe a memoria técnica valorada ascende a oitenta e seis mil euros (86.000,00 €) para anualidade 2023-2024.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.





De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2024. Para os gastos correspondentes á anualidade 2023, o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023. Para os gastos realizados a partir do 16.11.2023 o prazo de xustificación rematará o 15.11.2024.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa da subvención presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante;

<https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan> e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Escritura pública de compraventa do inmovible polo concello así como certificación de inscrición do mesmo nun rexistro público.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.





- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.
- Certificación ou informe da persoa titular da Secretaría ou da Intervención da entidade local ou, de ser o caso, do/da empregado/a público/a que, de acordo coa estrutura organizativa do concello, teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditativo de que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos na normativa de contratación do sector público, e con indicación do procedemento seguido para a contratación das obras subvencionadas.
- Acta de recepción.
- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que o Concello de Monterrei non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.





SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Monterrei acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 30 de novembro de 2024, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello de Monterrei e un representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

José González Vázquez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidente da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

José Luis Suárez Martínez
Alcalde do Concello de Monterrei





ANEXO I

Orzamento xeral e desglose actuacións por anualidades

Resumen orzamento

- Presuposto adquisición local: 9000,00 €.
- Orzamento obra: 77.000,00 € (IVE incluído)
- Total orzamento: 86.000,00 € (IVE incluído)

Planificación anualidades

- Anualidade 2023: adquisición do local por importe de 9.000,00 € IVE incluído.
- Anualidade 2024: execución da obra de rehabilitación da edificación existente como local social por importe de 77.000,00 € IVE incluído.

- Orzamento xeral

CAPÍTULO	ACTIVIDADE	PORCENTAXE	ORZAMENTO
01	Actuación previas e demolicións	4,28	2.290,74 €
02	Movemento de terras	2,15	1.151,42 €
03	Cimentación e soleira	5,396	2.882,86 €
04	Estrutura cuberta	6,20	3.317,87 €
05	Cuberta	30,49	16.303,64 €
06	Cantería	4,19	2.240,18 €
07	Trasdosados	4,43	2.369,25 €
08	Revestimentos horizontais e verticais	8,11	4.335,70 €
09	Aislamentos	5,32	2.842,78 €
10	Carpintería e vidreira	7,90	4.225,66 €
11	Instalación eléctrica	8,11	4.338,14 €
12	Instalación iluminación	1,30	697,72 €
13	Instalación calefacción	4,68	2.500,00 €
14	Fontanaría e saneamento	1,67	894,89 €
15	Instalacións de protección e sinalización	0,16	84,56 €
16	Varios	2,54	1.358,89 €
17	Xestión de residuos	1,50	800,00 €
18	Seguridade e saúde	1,57	841,63 €
Orzamento de execución material			53.475,93 €
13,00 % Gastos xerais			6.951,87 €
6,00 % Beneficio industrial			





		3.208,56 €
21% I.V.E		13.363,64 €
Orzamento Xeral obras		77.000,00 €
Importe adquisición do inmovible:		9.000,00 €
Orzamento total		86.000,00 €

- Desglose actuacións de rehabilitación

1.- Capítulo 01- ACTUACIÓN S PREVIAS E DEMOLICIÓN S

- 1.1 Demolición completa cuberta fibrocemento e tella s/vigas formigón.....1.102,70 €
- 1.2 Demolición tabique ladrillo oco dobre e=7 cm a man.....157,58 €
- 1.3 Levantado carpintería en muros a man.....118,92 €
- 1.4 Desmontado manual muro sillería.....319,58 €
- 1.5 Eliminación rexuntado / llagueado xuntas fábrica de sillería.....591,96 €

2.- Capítulo 02- MOVEMENTO DE TERRAS

- 2.1 Escavación vaciado manual de terreos compactos <2 m.....1.151,42 €

3.- Capítulo 03- CIMENTACIÓN S E SOLEIRAS

- 3.1 Soleira formigón armado ha-25/p/20/IIa e=10cm 15x15x5..... 986,59 €
- 3.2 Impermeabilización lámina polietileno.....459,85 €
- 3.3 Encachado pedra 20/40 e=10cm.....363,72 €
- 3.4 Tubo drenaxe pvc corrugado simple sn2 d=160 mm.....1.026,91 €
- 3.4 Arqueta conexión posta a terra.....45,79 €

4.- Capítulo 04- ESTRUTURA CUBERTA

- 4.1 Elementos estruturais madeira laminada abeto..... 2.786,00 €
- 4.2 Lasurado satinado color. acabado ext/int. pontón 12x16.....531,87 €

5.- Capítulo 05- CUBERTA

- 5.1 Panel sandwich h16+a120+ 10 abeto lasur.....8.057,60 €
- 5.2 Cubrición con placas de fibrocemento.....747,34 €
- 5.3 Rastrel piñeiro tratado 40x30mm.....983,03 €
- 5.4 Cuberta tella cerámica curva.....4.215,13 €
- 5.5 Fronte de madeira de castiñeiro.....1.196,36 €
- 5.6 Remate cuberta con zinc.....925,41 €
- 5.7 Protección antipáxaros con agullas de pvc.....178,77 €

6.- Capítulo 06- CANTERÍA





- 6.1 Rexuntado refgundido m.cal
- 6.2 Apertura oco fábrica de mampostería

7.- Capítulo 07- TRASDOSADOS

- 7.1 Trasdoso autoportante placa xeso ppm 15 c / la..... 2.369,25 €

8.- Capítulo 08- REVESTIMENTOS HORIZONTAIS E VERTICAIS

- 8.1 Recrecido morteiro m-5.....545,58 €
- 8.2 Pintura plástica lisa mate colores claros.....666,02 €
- 8.3 Solado gres porcelánicos antideslizante 60x60m.t/d c/sol.....3.124,10 €

9.- Capítulo 09- AISLAMENTOS

- 9.1 Aislamento xps 80mm suelo rc500.....952,17 €
- 9.2 Aislamento térmico reflectivo multicapa tripomant r..... 1.890,61 €

10.- Capítulo 10- CARPINTERÍA E VIDRIEIRA

- 10.1 Carpintería madeira de castaño laminado con contras.....4.225,66€

11.- Capítulo 11- INSTALACION ELÉCTRICA

- 11.1 Derivación individual 3x16 mm2. cu..... 53,69 €
- 11.2 Cofret pragma d 24.....284,01 €
- 11.3 Circuito "alumeado" p. c. 3x1,5.....534,10 €
- 11.4 Circuito "usos varios" p. c. 3x2,5.....473,90 €
- 11.5 Base enchufe "schuko" p.c.273,40 €
- 11.6 Cableado interior tb 2 pares.....47,60 €
- 11.7 Cableado red coaxial.....401,80 €
- 11.8 Toma teléfono simón-75.....63,18 €
- 11.9 Toma r-tv interm. simón-75.....42,11 €
- 11.10 Módulo de contador.....415,44 €
- 11.11 Antena tv básica.....364,40 €
- 11.12 Circuito estufa pellets.....469,70 €
- 11.13 Toma terra estrutura.....742,25 €
- 11.14 Toma terra (pica)54,11 €
- 11.15 Punto luz sinxelo público concorrencia..... 118,45 €

12.- Capítulo 12- INSTALACIÓN ILUMINACIÓN

- 12.1 luminaria led.....697,72 €

13.- Capítulo 13- INSTALACIÓN CALEFACCIÓN

- 13.1 estufa de pellets.....2.500,00 €





14.- Capítulo 14- FONTANARÍA E SANEAMENTO

14.1 Acometida dn32 mm.1" polietil.....	414,35 €
14.2 Instalación pex-al-pex af.....	250,24 €
14.3 Arqueta ladrillo rexistro 38x38x50 cm.....	158,10 €
14.4 Tubaria pvc serie b xunta pegada d=50 mm.....	19,42 €
14.5 Tubaria pvc serie b xunta pegada d=110 mm.....	52,78 €

15.- Capítulo 15- INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN E SINALIZACIÓN

15.1 Extintor de polvo abc6kg.ef 21a-113b.....	70,71 €
15.2 Sinal alta luminescencia clase a incendios 297x210 mm din-a4.....	6,98 €
15.3 Sinal alta luminescencia clase a evacuación - emerxencia 210x210 mm.....	6,87 €

16.- Capítulo 16- VARIOS

16.1 Tapa madeira contador exterior.....	305,86 €
16.2 Axuda de albanelaría.....	1.053,03 €

17.- Capítulo 17- XESTIÓN RESIDUOS

17.1 Xestión residuos.....	800,00 €
----------------------------	----------

18.- Capítulo 18- SEGURIDADE E SAÚDE

18.1 Seguridade e saúde.....	841,63 €
------------------------------	----------

